CA2.6 - ocalizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.		
CA2.8.1. - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso	Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua.		
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.	Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.		
CA3.1.1. - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura	Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura		
CA3.2.1. - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados	Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.		
CA3.5.1. - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios	Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros.		
CA4.1.1. - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas .		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4.1. - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos	Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica		
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.			
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.			
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.			
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.		Baleiro	0
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.			
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.			
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).			

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Formular xeneralización sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Análise da propia biografía e da diversidade lingüística do alumnado do centro e da localidade. - Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa. - Desenvolvemento de nocións básicas do portugués. Semellanzas e diferenzas morfolóxicas entre o galego e o portugués. Ampliación do vocabulario de uso cotián. As relacións históricas e políticas entre Galicia e Portugal. - Valoración e comprensión das principais características do catalán e das súas variantes. - Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. - Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística. - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que implican controversia co interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación). - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo (explicación, exposición...). - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e ris-cos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos texto - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións - Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación

Contidos

- en coñecemento; comunica
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. A aposición.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

Contidos

- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das pala-bras, compoñentes das oracións ou conxio)
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Dado que o contacto entre linguas é o fenómeno máis habitual nas sociedades do século XXI. Ese contacto pode servir para aproximarnos ou para afastarnos. O reto da escola é lograr que o fenómeno do contacto entre linguas sexa un instrumento para a aproximación, a comprensión, o respecto e a aceptación do outro, do diferente, en consecuencia, do mundo. Tendo en conta que hai que aprender a preservar a diversidade, porque non se protexe o que non se coñece, importa educar para a interacción con aquel/a que utiliza outra(s) lingua(s). Educar na intercomprensión, na e para a diversidade lingüística, é o camiño escollido pola UNESCO desde 2006 e supón, ao mesmo tempo, educar para a cidadanía, educar no diálogo, para a paz, a democracia e a xustiza social.

Agora ben, habitamos un mundo absorbido pola globalización no que o dominio do inglés instalouse como un dogma que non pode ser cuestionado nin criticado. Este proceso de homoxeneización lingüística é contrario á diversidade e inimigo da democracia. De aí o papel fundamental da escola para o desenvolvemento da competencia plurilingüe, para formar galegos e galegas políglotas, usuarios/as de diversas linguas, a través dunha metodoloxía baseada no tratamento integrado de linguas, desenvolvendo un plurilingüismo inclusivo, en cuxo corazón resida a normalización da lingua galega.

É por todo isto que asumimos o Tratamento Integrado de Linguas (TIL), como marco metodolóxico, pois trátase dunha corrente na didáctica das linguas que persegue que todas as linguas curriculares compartan os mesmos principios metodolóxicos e o mesmo enfoque didáctico. Por outra parte, o TIL considera o punto de partida diferente de cada unha delas. Daquela, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que cómpre desmontar e superar.

3ºESO ten como finalidade o desenvolvemento de operacións formais e de razoamentos lóxicos e conceptuais que permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e aptitude. Así mesmo, esta etapa deberá permitir a adquisición e o logro das competencias indispensables para o futuro formativo ou profesional.

Deste xeito, a secuenciación dos materiais das diferentes unidades didácticas está en función da metodoloxía e, a súa vez, depende da contextualización do centro educativo, como xa dixemos con anterioridade. Malia que no seguinte apartado nos ocuparemos de cuestións metodolóxicas, imos salientar diferentes vectores básicos para comprender os alicerces que están detrás da secuenciación das UD e da relación dos diferentes elementos que a compoñen.

1. Comparatismo transcultural, transdisciplinarietà e actividades integradas. O punto de referencia da materia é o galego e o sistema cultural que o sustenta, pero se fará a partir da comprensión da diversidade cultural e dos problemas de normalización. Deste xeito, incluírase na práctica do día a día na aula para ter a posibilidade de ver como as diferenzas constitúen un elemento cohesivo na aula. Isto axudará a crear afectos comunitarios a través da lingua e tamén proporcionará o contacto con outras realidades, contrastándoas coa propia. Por outra banda, como os contidos tratados abranguen períodos de tempo afastados (dende a Idade Media ata o século XIX), váise procurar conectalos coa realidade do alumnado e a preavaliación das primeiras semanas. Con todo, tamén se entretecerán os eidos das humanidades e as ciencias, para conseguir un coñecemento conectado e integrado. Para isto, váise converter a aula nunha especie de máquina do tempo ao estilo da TARDIS, o trebello de viaxar no tempo do doutor

Who na serie británica da BBC, que permita que a aprendizaxe sexa un trampolín para que o alumnado dea o paso á creación, a relación de diferentes elementos e a visión crítica.

2. Comunidade neofalante e a sociedade da aprendizaxe. Derivado do punto anterior e da contextualización do centro, potenciárase o neofalantismo para crear vencellos afectivos e novas experiencias dentro do contexto transcultural e diverso da aula, pero tamén fóra dela. Para isto, faranse videoconferencias periódicas co alumnado de galego dalgúns Centros de Estudos Galegos. Este marco servirá para desenvolver o traballo de proxecto da aplicación para móbil, acorde con certas liñas do movemento maker e o aprendizaxe servizo, pero tamén conecta coa intención de romper, na medida do posible, esa división férrea entre humanidades e ciencias, sen se esquecer de potenciar as funcións executivas do alumnado.

3. Elementos cohesivos das secuencias didácticas. Xógase coa oposición de dous binomios: oralidade/escritura e culto/popular ou de masas. Isto permite, por unha banda, na oposición oral/escrito, pór en práctica as catro destrezas básicas da aprendizaxe dunha lingua, facendo fincapé na oralidade, pero tamén no aprezo pola cultura popular. Pola outra banda, é un punto de unión para ver en perspectiva a evolución da literatura e, da cultura en xeral, dende a Idade Media ata o Rexurdimento, tanto dos numerosos matices que ofrece este punto de vista como o traspaso das fronteiras dos diferentes códigos semióticos.

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

- Utilización dunha dunha metodoloxía flexible en que se deseñen actividades interdisciplinares e se manteña un enfoque global para evitar solucións únicas ás situacións propostas e fomentar o descubrimento polo propio alumnado.

- Utilización dunha metodoloxía activa, baseada no desenvolvemento competencial, que atenda á diversidade e respecte os distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, a través do deseño de tarefas significativas que combinen o labor individual e o colaborativo. Estas tarefas formarán parte de situacións de aprendizaxe contextualizadas e reais, que tamén incluírán proxectos.

- Utilización de estratexias interactivas, do translingüismo e dun enfoque comunicativo nas Linguas Oficiais (actividades de creación de textos, planificación de exposicións orais sinxelas ou debates sobre temas de actualidade, lectura, compre e textos orais e escritos de diversa índole).

- Utilización de estratexias para o fomento do hábito lector (achegamento a fragmentos de obras clásicas, selección de fragmentos de obras próximas ás súas experiencias, fomento da banda deseñada).

- Tentarase, na medida do posible, por unha avaliación formativa

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto: Lingua e Literatura 3º ESO. Ed. Xerais. Vigo, 2022
Aula virtual Moodle
Radio na biblio
Canva
Recurso REA para secuencias didácticas e tarefas integradas
Proxecto interdisciplinar Master Chef
Proxecto interdisciplinar Congreso de saúde
Listaxe de lecturas recomendadas e a biblioteca
Chat GPT e Google Colab
Exe-Learning

Unha vez que se determine o alumnado susceptible de reforzo educativo, especialmente no caso do alumnado con ACI, é posible que se lles substitúa o libro de texto por outro material específico. Faremos constar calquera cambio ou ACI no libro de actas do departamento.

En xeral, o profesorado proporcionará ao alumnado o material preciso para completar ou mellorar calquera unidade. En caso de se tratar de fotocopias e estas supoñan unha cantidade importante que non poida asumir o Departamento, deberá o alumnado facerse cargo do seu custo económico.

Alén do anterior, proporcionaráselle ao alumnado outros recursos (os materiais, suxeitos á dispoñibilidade do centro) cos que completar a súa formación, tales como libros de lectura, prensa, fontes bibliográficas diversas, recursos online.

Farase uso da aula virtual, para aloxar contidos, tarefas, vídeos, referencias a webs de interese.

Traballo na biblioteca para realizar tarefas de busca, xogos para traballarmos os xéneros literario.

Contamos tamén coa presenza de profesoras e profesores de pedagogía terapéutica, profesoras de apoio e docencia compartida nalgunhas clases de 3º ESO.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Antes de acabar o mes de setembro, realizarase a Avaliación Inicial para observar o grao de desenvolvemento das competencias clave do alumnado. De aí que o importante desa avaliación non sexa lembrar os ~~habilidades para poñer en práctica os contidos, o seu "saber-facer"~~ ^{habilidades para poñer en práctica os contidos, o seu "saber-facer"} anterior senón a súa ^{capacidade de aprender a aprender} Esta Avaliación estruturarase en tres partes:

1. Avaliación da expresión oral a través da autopresentación na aula, á que seguirá o envío dun correo electrónico seguindo as indicacións dadas, polo que tamén se avaliarán as habilidades sociais, a competencia dixital e o grao de autonomía do alumnado, así como a súa capacidade para aprender a aprender, mellorando no envío electrónico a tarefa realizada espontaneamente na aula.

2. Comprensión oral das explicacións dadas na aula, polo que tamén se avaliará a capacidade de aprender a aprender e a autonomía do alumno/a.

3. Comprensión e expresión escrita a través da realización de tarefas arredor dun artigo de opinión de recente publicación. Tamén servirá para avaliar a conciencia cultural do alumnado. Acabada a avaliación inicial, ese documento servirá para iniciar a primeira das secuencias didácticas, que ten carácter introdutorio e xirará ao redor da importancia dos contextos e do uso adecuado dos recursos lingüísticos para o desenvolvemento da competencia comunicativa. Esta SD non forma parte da primeira das Situacións de Aprendizaxe, senón que serve de introdución á mesma, pois a súa finalidade é activar os coñecementos previos e servir de modelo para a metodoloxía que se vai empregar ao longo do curso. Segundo os resultados acadados polo alumnado no proceso da avaliación inicial, proporanse na Xunta de Avaliación as estratexias a seguir. Estas deberán pasar polos seguintes pasos:

1. Reunión co resto do profesorado do alumno/a para acordar medidas de reforzo conxuntas, especialmente coa docente de Lingua Estranxeira, na procura dun tratamento integrado das linguas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	10	10	10	15	10	10	10	10	100
Proba escrita	60	60	60	60	60	56	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	44	40	40	40	40

Criterios de cualificación:

CUALIFICACIÓN NA ESO:

A cualificación de cada unha das avaliacións será o resultado final da suma de:

- Probas escritas: 60,00%
- Actividades na aula, caderno, tarefas (traballos de investigación / creación, proxectos, tarefas de reforzo ou ampliación na casa): 20,00%
- Lecturas obrigatorias: 10,00%
- Uso oral da lingua galega: 10,00%

A nota final de trimestre será a que corresponda ao número enteiro resultante (sen considerar os decimais).

Cando o alumnado obteña, unha vez realizadas todas as ponderacións necesarias, unha nota superior ou igual a 5, considérase que está aprobado.

No final de xuño, calcularase a nota global de curso facendo media entre as cualificacións que o alumnado obtivo nas tres avaliacións, que tamén será a que corresponda ao número enteiro resultante, sen considerar os decimais.

Cráterios de recuperación:

Consideracións sobre a recuperación de avaliacións suspensas:

- Para recuperar unha ou varias avaliacións suspensas haberá unha proba final. Sexa como for, e para todo o alumnado, nas avaliacións segunda e terceira inclúranse os estándares sobre gramática e ortografía das avaliacións anteriores. Considérase tamén que o vocabulario traballado en avaliacións anteriores debería estar xa incorporado ao acervo persoal, aínda que non sexa preguntado explicitamente na avaliación na que se está.
 - En xuño (avaliación ordinaria), poderase mellorar (recuperar) a nota relativa á proba escrita e ás lecturas obrigatorias. Mantense a cualificación do resto dos instrumentos de avaliación. Cando o alumnado obteña, unha vez realizadas todas as ponderacións necesarias, unha nota superior ou igual a 5, considérase que está aprobado.
 - Canto aos libros de lectura, en xuño realizarase unha ou varias preguntas sobre cada un dos libros de lectura. Se estes xa foron aprobados durante o curso, o alumnado poderá optar por non contestar e que se lle aplique a nota que tiña en cada un deles. Se non aprobou algún/s deles, debe responder na proba as preguntas relacionadas con el/eles; e se non responde, terá un cero nesa pregunta (pregunta que, segundo os criterios expresados máis arriba, suporá o 10% da nota do exame).
 - A avaliación extraordinaria de xuño superarase cunha cualificación igual ou superior a 5,

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao alumnado coa materia pendente de cursos anteriores seranlle facilitadas actividades sobre a mesma en cada trimestre do presente curso. Estas actividades deberán ser entregadas nos prazos que se indiquen e deben estar completadas con esmero. Unha vez entregadas todas as actividades, o alumnado deberá presentarse a unha proba (escrita ou oral) que estará elaborada a partir do traballado nas ditas actividades.

Ao longo do curso poderase recuperar trimestralmente a materia. Para a obtención da nota da recuperación, realizarase a suma ponderada dos seguintes apartados coas porcentaxes sinaladas:

- Actividades entregadas dentro dos prazos e cunha execución aceptable 40 %
- Nota dos exames trimestrais 60 %

O feito de non presentar as tarefas en tempo e forma implica que o alumnado renuncia ao 40 % asignado ás mesmas. Considerarase aprobado aquel alumnado que obteña unha cualificación igual ou superior a 5 unha vez realizada a ponderación.

No caso de non recuperar trimestralmente a materia, o alumnado deberá presentarse á proba extraordinaria de maio.

6. Medidas de atención á diversidade

Os estudantes manifestan unha gran diversidade de intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe. Hai estudantes reflexivos (detéñense na análise dun problema) e estudantes impulsivos (responden moi rapidamente); estudantes analíticos (pasan lentamente das partes ao todo) e estudantes sintéticos (analizan o tema desde a globalidade); uns traballan durante períodos longos e outros necesitan descansos; algúns necesitan un reforzo continuo e outros non; hainos que prefiren traballar sós e hainos que prefiren traballar en pequeno ou gran grupo.

O deseño da programación de Lingua Galega e Literatura considera esa diversidade expoñendo a información de diferentes formas (textos explicativos, cadros-resumo, esquemas), utilizando os recursos que se ofrecen na rede e ofrecendo unha gran tipoloxía de actividades.

Ademais, propóñense as seguintes medidas para dar resposta á diversidade:

- Detectar as ideas previas mediante, por exemplo, diálogos na aula ou debates, que permitirán que o docente coñeza os estudantes e eles, a si mesmos.
- Repasar as nocións estudadas con regularidade e resolver os problemas detectados.
- Realizar numerosas e diversas actividades que combinen as resolucións individuais e en pequeno e gran grupo, e a oralidade e o escrito.
- Utilizar recursos gráficos, dixitais, películas, música, imaxes para comentar etc.
- Usar o resumo da unidade como unha forma de autoavaliación.
- De ter que realizar algunha ACI deixárase constancia deste feito nas actas do departamento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Actividades de comprensión lectora, a expresión oral e escrita, de comunicación audiovisual, coas tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas imprescindibles para o proceso de ensino-aprendizaxe	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Actividades de comprensión lectora, a expresión oral e escrita, de comunicación audiovisual, coas tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas imprescindibles para o proceso de ensino-aprendizaxe	X

Observacións:

As actividades relacionadas coa sociolingüística e a literatura son favorecedoras do emprendemento e a educación cívica. A igualdade efectiva entre as persoas e a non discriminación por calquera circunstancia social ou persoal ten os seus mecanismos de aprendizaxe nas mesmas estratexias da análise sociolingüística.

O coñecemento e a análise da situación sociolingüística e das diferentes etapas da historia da lingua e da literatura promoven o tratamento de temas como a igualdade, a xustiza, a reflexión sobre os estereotipos e identidade de xénero e orientación sexual, o pluralismo ideolóxico, os dereitos humanos, o respecto e coidado ambiental, a prevención da violencia de xénero.

Por outra banda, a organización e o desenvolvemento curricular da materia de Lingua galega e Literatura procura a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico. Referímonos a actividades como recitais, representacións teatrais, debates, concursos de contacontos, xornadas sobre aspectos culturais, clubs de lectura, revistas e publicacións, etc.

Tanto o tratamento da transversalidade, como os contidos e metodoloxía empregada na impartición desta materia pasa pola necesidade de emprego das TIC, mais este curso o uso das salas de ordenadores non vai ser posible. Aproveitarase ao máximo a Aula Virtual e os ordenadores EDIXGAL en toda a ESO.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día das Letras Galegas	Homenaxe á homenaxeada			X

Observacións:

Estudo, lectura de textos e investigación da biografía da autora homenaxeada no 2024

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O reparto dos contidos e dos criterios de avaliación para cada UD son os axeitados
A secuenciación e a temporalización das UD adáptase ás características do grupo de alumnado
A avaliación inicial indentifica as necesidades reais do alumnado
Os instrumentos de avaliación empregados axéitanse ás características do alumnado
Os criterios de avaliación empregados nas avaliacións parciais/finais e formativa permiten identificar a aprendizaxe do alumnado
A recuperación da avaliación de cada parcial/final adáptase aos contidos traballados

Metodoloxía empregada
As actividades propostas tentas achegar o currículo a situación da vida real
Proporciónanse situacións de aprendizaxe motivadoras e relacionadas co TIL
Promóvose o traballo colaborativo, en equipo e metodoloxías activas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Distribúese o tempo axeitadamente ás situacións de aprendizaxe
Adóptanse distintos tipos de agrupamento en función das actividades que se realizan
Utilízase recursos didácticos variados para a presentación de contidos e para a práctica do alumnado
O alumnado emprega a lingua galega como lingua vehicular na clase, tanto co profesor como cos iguais
O alumnado emprega recursos dixitais como instrumentos de creación, integración e medios de expresión das ideas
Medidas de atención á diversidade
O estilo pedagóxico do docente ten en conta os principios do DUA, na medida que as ratios o permitan
Utilízanse as alternativas metodolóxicas que mellor se adaptan á construción do alumnado que fai na súa aprendizaxe, na medida que as ratios o permitan
Faise un seguimento das propostas das guías e protocolos do alumnado con NEAE, dos plans do alumnado con reforzo educativo ou das plans de reforzo
Adáptanse os tempos, os procedementos e instrumentos de avaliación en función das características do alumnado
Clima de traballo na aula
Utilízase unha linguaxe sinxela, clara e ben estruturada para a presentación de novos contidos
Aprovéitase o interese do alumnado por un tema determinado para utilizalo con centro de interese
Faise saber a finalidade, importancia e aplicación na vida real das aprendizaxes
Proporciónanse estratexias e ferramentas para que o alumnado descubra certos contidos, ao igual que estratexias de metacognición
Realízase unha avaliación formativa co alumnado e introdúcese unha retroalimentación efectiva, xunto cunha andamiaxe dos diferentes procesos de aprendizaxe
Tense en conta a existencia de tarefas doutras materias para planificar as propias
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Programa a materia coordinándose co resto do profesorado do departamento e do centro (Tratamento Integrado de Linguas)
Realízase unha coordinación co profesorado especialista de PT, AL ou codocencia
Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas
Emprega diferentes medios para informar do proceso de aprendizaxe aos estudantes e ás súas familias

Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O proceso de avaliación servirá para constatar o nivel de éxito á hora de acadar os obxectivos propostos. Será continuo e aberto e será esencial no proceso de autocorrección dunha programación que é susceptible de ser modificada a partir da experiencia real nas aulas, o que redundará no seu valor formativo. Analizará as deficiencias e logros en todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe e aportará instrumentos útiles para a mellora da dinámica educativa en todos os seus aspectos.

O proceso de avaliación deberá ser abordado en dous niveis complementarios:

a) A avaliación da programación en si, en tanto que instrumento pedagóxico. Trátase de verificar se o dispositivo pedagóxico empregado é adecuado e cales son os aspectos en que se poderían presentar maiores conflitos: no nivel de profundidade dos saberes tratados en cada nivel educativo, na idoneidade da secuenciación dos mesmos, no nivel de complexidade dos mecanismos empregados no proceso de ensinanza-aprendizaxe (sobre todo no emprego das TIC nos cursos máis baixos, nos que o nivel de competencia dixital dos/das alumnos/as é moi desigual), na efectividade das actividades e lecturas propostas, na idoneidade dos materiais curriculares empregados...

A través das reunións de departamento, iranse analizando estas cuestións e realizaranse as modificacións puntuais que se considere oportunas, neste mesmo curso sempre que for posíbel, ou tomarase nota delas para reformalas de cara a próximos cursos.

b) A avaliación da interacción do alumnado coa programación. Trátase de avaliar o nivel de resposta do alumnado coa acción pedagóxica e a capacitación deste á hora de avanzar nas diferentes competencias educativas que poida integrar.

- Competencia en comunicación lingüística: a observación das habilidades do alumnado para empregar correctamente a linguaxe, tanto na comunicación oral como na escrita, saber interpretar mensaxes dunha certa complexidade e estar capacitado para emitir xuízos críticos, xerando ideas propias e adoptando decisións persoais.

- Tratamento da información e competencia dixital: as actividades realizadas con axuda das TICs contribuirán notablemente a desenvolver a capacidade do alumnado para obter e procesar información dos novos soportes informáticos, transmitila e transformala en coñecemento. A avaliación desta competencia será fundamental para analizar eficacia pedagóxica destas estratexias.

- Competencia social e cidadá: a participación activa do alumnado na aula, fisicamente ou a través da aula virtual, favorecerá a intercomunicación entre o alumnado en tarefas comúns, a capacidade para valorar tanto as opinións propias como as alleas e integralas de maneira coparticipativa nunha única dinámica de ensinanza-aprendizaxe.

- Competencia cultural e artística: En boa parte, os contidos do currículo, fundamentalmente de literatura, abórdanse desde unha perspectiva interdisciplinar, vinculándose a outras expresións artísticas e culturais coas que mantén unha relación directa. Será importante avaliar a capacidade do alumnado para entender, a partir desa visión, o fenómeno da literatura como unha mostra artística integrada no conxunto das manifestacións culturais dunha sociedade determinada. Por outro lado, avaliarase a súa competencia para empregar os recursos propios da expresión literaria en traballos de creación que se irán propoñendo ao longo do curso.

- Autonomía e iniciativa persoal: a procura individual de información, a responsabilidade persoal á hora de discriminala, a capacidade para aportar iniciativas ao grupo, servirán para avaliar esta competencia, para analizar até que punto cada alumno/a é capaz de responder aos retos que se lle presentan á hora de tomar decisións que teñan repercusións na súa contorna pedagóxica (e por extensión, na súa vida). Finalmente, a elaboración das Memorias Trimestrais, así como da Memoria Final servirá para concretar a avaliación desta programación didáctica, revisándoa e corrixíndoa

9. Outros apartados